



Mabel Loza, Premio Wonenburger 2019.

A catedrática da USC Mabel Loza gaña o Premio Wonenburger

A investigadora en novos fármacos recibe este galardón que recoñece ás investigadoras galegas

● Por **Redacción** - 09/10/2019

Mabel Loza, catedrática de Farmacoloxía da Universidade de Santiago e coordinadora do grupo de investigación Biofarma, foi hoxe galardoada co **Premio María Josefa Wonenburguer**, que concede a Unidade de Muller e Ciencia da Xunta de Galicia e recoñece o traballo de científicas galegas.

Doutora en Farmacia e catedrática de Farmacoloxía da USC, **Mabel Loza** é unha das artífices da posta en marcha en Santiago da unidade de avaliación de compostos in vitro no edificio **Emprendia**, segundo un modelo de colaboración público-privada, que vincula á USC e a Laboratorios Esteve.

Patroa fundadora e codirectora científica da Fundación Kærtor xunto co tamén profesor da USC **Ángel Carracedo**, Mabel Loza é catedrática de Farmacoloxía e líder do grupo de investigación BioFarma da USC. Cunha activa participación en programas públicos e privados no ámbito do **descubrimiento temperán de fármacos** español e europeo, foi investigadora en máis de 90 proxectos de investigación, en 70 como investigadora principal. Participou en once candidaturas a fármacos que chegaron a ensaios clínicos en pacientes, dentro de programas de transferencia de I+D coa industria farmacéutica.



Reunión do plenario que outorgou o premio Wonenburger 2019.

Destaca a publicación de diversos libros e capítulos de libros, así como de **136 artigos en revistas** indexadas no Journal Citation Report. Supervisou **17 teses** de doutoramento coa cualificación máis alta e máis de **50 traballos** de investigación de posgrao. Tamén é revisora de varias revistas nas áreas de farmacoloxía, química médica e descubrimento de fármacos.

Participa activamente no desenvolvemento de redes e novos modelos de innovación aberta no descubrimento temperán de medicamentos, é coordinadora da Rede Galega de Descubrimento de Fármacos e a Rede de Excelencia Española de Descubrimento de Fármacos. Ademais representa ao

nodo da USC na Rede Europea de Infraestruturas de **Screening EU- Openscreen** ESFRI / ERIC. Mabel Louza coordina tamén a Unidade Mixta **USC-Esteve** para o desenvolvemento de novos medicamentos no campo da dor crónica. Como empresaria, promoveu a fundación de tres compañías (Pharmatools Dixital Interactive SL, Allelyus e Oncostellae).

Mabel Loza sucede como Premio Wonenburger á investigadora **Alicia Estévez Toranzo**, recoñecida no ano 2018. O Premio leva o nome da investigadora e matemática galega **María Josefa Wonenburger**, unha autentica pioneira e referente feminino internacional no ámbito das ciencias e que foi unha científica adiantada ao seu tempo.